



CONCELLO DE REDONDELA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE REDONDELA, A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

En Redondela, a 24 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Javier Bas Corugeira con D.N.I. 36.050.839H na súa condición de Alcalde do Concello de Redondela, domiciliado en Rúa Alfonso XII, 2 de Redondela e con N.I.F. P 3604500 C (en adiante «CONCELLO DE REDONDELA»).

Doutra parte, Dna. Paloma Vela Garicano, con D.N.I. 36.132.505 B, na súa condición de Coordinadora Adxunta da Área de Cultura da Fundación Galicia Obra Social, domiciliada na Coruña, Cantón Grande 8, e con N.I.F. G 70.270.293 (en adiante, «Afundación»).

Doutra parte, D. Jose Miguel Martín Vázquez con D.N.I. NIF 36145075T na súa condición de Director de Oficina en Redondela de ABANCA Corporación Bancaria S. A., domiciliada en Betanzos, Cantón Claudino Pita 4 e con N.I.F. A 70.302.039 (en adiante, «ABANCA»).

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o presente outorgamento na calidade na que cada un intervén e

EXPOÑEN

Que o Concello de Redondela, Afundación e ABANCA, que desenvolven un intenso labor no ámbito cultural, entenden de interese establecer unha relación de colaboración en beneficio dos veciños do termo municipal de Redondela, e lévana a efecto consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a realización da exposición "Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia", na Sala de Exposicións do Multiusos da Xunqueira, sita en Paseo da Xunqueira s/n, de Redondela, entre o día 7 e o 29 de setembro de 2018.

**CONCELLO DE REDONDELA**

SEGUNDA.- Afundación comprométese a emprazar os elementos que integran a exposición na salas de exposicións referida na Estipulación Primeira e a confeccionar as invitacións, carteis e demais elementos de difusión para dar a coñecer a devandita exposición.

TERCEIRA.- O Concello de Redondela, pola súa conta exclusiva, habilitará o inmovible referido na Estipulación Primeira, denominado *Sala de Exposicións do Multiusos da Xunqueira*, e farase cargo da adecuada seguridade do mesmo, que permanecerá atendido durante as datas nas que se desenvolva a exposición e no seu horario de apertura ó público, polo persoal correspondente.

O Concello de Redondela levará a cabo accións de difusión da exposición referida na Estipulación Primeira a través das canles habituais das que dispón e apoiará Afundación nas súas propias iniciativas co fin de acadar unha maior divulgación da exposición, tales como distribución de carteis e convites nas súas oficinas e puntos de información que sexan habituais. Así mesmo o Concello de Redondela participará activamente no acto de inauguración que se organice.

CUARTA.- Pola súa parte, ABANCA comprométese a fomentar a difusión da exposición referida na Estipulación Primeira do presente Convenio e a coordinar as accións e relacións institucionais entre as entidades asinantes deste convenio.

QUINTA.- O Concello de Redondela, Afundación e ABANCA actuarán de xeito conxunto e coordinado para o cumprimento das súas obrigas e para levar a cabo as actuacións de difusión da exposición, onde tanto os nomes coma os anagramas das mesmas figurarán de forma visible e destacada, ocupando un espazo similar.

SEXTA.- Cada entidade asume todas as responsabilidades que poidan derivarse das obrigas dimanantes das súas relacións xurídicas coas persoas, físicas ou xurídicas, coas que se relacione para o cumprimento das súas obrigas, resultando as outras entidades por completo alleas ás devanditas obrigas. Polo tanto, cada entidade manterá indemne as outras de calquera custo, incluíndo todo tipo de indemnizacións, sancións e gastos, derivado de reclamacións das persoas coas que se relacione.

SÉTIMA.- Os datos de carácter persoal relativos as persoas físicas representantes tanto do Concello de Redondela como de ABANCA recollidos no presente Convenio, así como os demais datos do mesmo carácter relativos as ditas persoas que Afundación obteña como consecuencia



CONCELLO DE REDONDELA

do mantemento e/ou cumprimento deste Convenio, serán incorporados aos ficheiros de Afundación para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal aos efectos da xestión da relación entre Afundación e o Concello de Redondela, e entre aquela e ABANCA, que neste Convenio se establece. Nos termos previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os afectados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, dirixíndose por escrito a Afundación, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: COMITÉ LOPD, r/ San Andrés 135-137, piso 2, 15003, A Coruña.

Asemade, os datos de carácter persoal relativos as persoas físicas representantes tanto do Concello de Redondela, como de Afundación recollidos no presente Convenio, así como os demais datos do mesmo carácter relativos as ditas persoas que ABANCA obteña como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento deste Convenio, serán incorporados aos ficheiros de ABANCA para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal aos efectos da xestión da relación entre ABANCA e o Concello de Redondela e entre aquela e Afundación, que neste Convenio se establece. Nos termos previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os afectados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, dirixíndose por escrito a ABANCA, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: Servizo de Atención ao Cliente, Rúa San Andrés, 135-137, Planta Baixa, 15003 - A Coruña.

OITAVA.- A vixencia do presente Convenio extenderase desde a data da súa sinatura ata o íntegro cumprimento das obrigas asumidas polas Partes consonte a aquel.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a un só efecto e por triplicado, no mesmo lugar e data enriba indicados.

Por ABANCA

D. Jose Miguel Martín Vázquez

Por CONCELLO DE REDONDELA

D. Javier Bas Corugeira

Por Afundación

Dna. Paloma Vela Garicano



ANEXO I

Título da actividade: Exposición "Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia".

Descrición: Fotografías de Ruth Matilda Anderson realizadas por toda Galicia entre os anos 1924 e 1926 procedentes dos fondos da Hispanic Society of America.

Lugar: Sala de Exposicións do Multiusos da Xunqueira

Dirección: Paseo da Xunqueira s/n, Redondela

Datas: do 7 ao 29 de setembro de 2018.

Horario: de luns a venres, de 8 a 15 horas e de 16 a 22 h; sábados, domingos e festivos de 10 a 14 y de 16 a 22 horas.